



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ
DE XULLO DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

(Escusa asistencia) D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria

D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil vinte e cinco baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/06/2025)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de dona Carmen Gómez Sada (Expediente número 2025/U026/000029)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Carmen Gómez Sada para rehabilitación de edificación auxiliar retirando tella vella e colocando nova tella tipo vereas, nunha superficie en planta de 60 m² e pintado de pinche sur.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002101200NH43F, emprazada en San Gregorio, 5 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1) e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e dous euros con corenta céntimos (#82,40#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.2.- Comunicación de obra de don José Luís Canicoba Carrillo (Expediente número 2025/U026/000031).

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Luis Canicoba Carrillo para colocación de malla de arame de altura 1,20 metros, sobre muro existente, aproximadamente 27 metros de largo, e colocación na entrada á finca de dúas reixas de paso de auga.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000600900NH43D, emprazada en Feal, 3 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Instancia núm. 202499900000601 de don Manuel Rodríguez Muñiz e dona Deborah Rodríguez Danielle (Expediente número 024/U022/000020)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB+1, de 149,94 m² construídos en Neira de Arriba, 21 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2024/U022/000020), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Carretero Ariza, en calidade de arquitecto, sendo o mesmo técnico o coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 97.650,00 euros , coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	815,34
Parcela bruta total (m ²)				848
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		32,66
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,4	0,30 (244,60)		149,94 < (244,60)
Ocupación máxima (%)	50 (358)	40		193,58 < 358,00
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Recuamentos (m)	Aliñ./>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 6,00	(4)	B+1/6,06
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50700334.

Dáse conta tamén da solicitude presentada en Augas de Galicia para autorización de vertido de augas residuais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza con un proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Carretero Ariza, número de visado 2406554/3, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública.

No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindadeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así como de gas ou electricidade. Á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando a autorización preceptiva de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2, de 32,66 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

A zona de cesión para regularización do viario deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel da vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións, o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Mil novecientos cincuenta e tres euros (#1.953,00 €#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00 €#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.4.- Comunicación de obra de dona Margarita Maceira Caldelas (Expediente número 2025/U026/000037)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por dona Margarita Maceira Caldelas para renovación de cuberta de vivenda retirando a tella existente, colocación de nova tella tipo verea e substitución das ventás dos pinches das fachadas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 00300500NH43D, emprazada en Tomonde, 21 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2) , e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos once euros con sesenta e oito céntimos (#311,68#).

2.5 .- Comunicación de obra de don José Manuel Valdés Uzal (Expediente número 2025/U026/000035)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Manuel Valdés Uzal para peche perimetral de parcela, de aproximadamente 250 metros, cunha fila de bloque, revestido e pintado, postes e malla de arame sen superar os 1,80 metros de altura, recuando 6 metros do eixes das vías municipais.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50500272, emprazada en Bazar - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección forestal, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos vinte e catro euros con setenta céntimos (#224,70#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.6.- Comunicación de obra de dona Diana Regueira Estévez (Expediente número 2025/U026/000027)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Diana Regueira Estévez para substitución de cuberta de tella en mal estado con placas de fibrocemento sen amianto e tella curva de cor vermella, actuacións en estancias interiores da vivenda e substitución de carpintería exterior de aluminio por outra de cor branca.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001702500NH44A, emprazada en Nande, 18 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitocentos trinta e seis euros con cincuenta e sete céntimos (#836,57#).

2.7.- Instancia núm. 202399900001045 de D. Pedro Morales Estrada e dona Idania Margarita Hernández Ocampo (Expediente número 2023/U022/000037)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, solicitan licenza para obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, PB+1, en Galegos, 15 - Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2023/U022/000037), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada (proxecto básico) asinada por Alfredo Varela Nogueira, en calidade de arquitecto e un presuposto de execución material de 141.709,00 euros coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	2710,75
Parcela bruta total (m ²)				2.759,00
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		48,25
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40 (rehabilitación)	0,30		248,49
Ocupación máxima (%)	50 (rehabilitación)	40		220,91



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Aliñación (m)	Plan. / 6,00 eixo	Aliñación / >3,00		Sobre aliñación e 6m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	Pegado ao linde
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 6,00	(4)	B+1/4,95
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000200100NH43F.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións:

-Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia. Expediente: 3451/23. En sentido favorable con condicións.

-Augas de Galicia. Clave: DH.W15.108090 Expediente: Autorización de rehabilitación de vivenda unifamiliar na parcela catastral 000200100NH43F0001BI no lugar de Galegos, parroquia de San Pedro de Vilanova (San Pedro), no concello de Vedra (A Coruña), dentro da zona de policía dun rego innominado (idcurso 983640006623), tributario do Río de Tomoude (codrio 244082). Favorable con condicións.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Alfredo Varela Nogueira, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Coa advertencia ao interesado de que non poderá iniciar as obras ata que se achegue comunicación previa acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda. Achegarase ademais un documento asinado polo técnico redactor do proxecto de execución onde se sinala que este se axusta e desenvolve a determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza, sen introducir modificacións substanciais. No caso de modificacións substanciais con respecto ao proxecto básico deberase solicitar a modificación da licenza concedida. Consideraranse modificacións



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



substanciais, entre outras, o cambio de uso, condicións de volume, posición e ocupación, edificabilidade, altura, recuamentos e separación de lindeiros,..) Artigo 143,4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública.

No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así coma de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número S03, de 48,52 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

A zona de cesión para regularización do viario deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel da vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións, o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Dous mil oitocentos trinta e catro euros con dezaioito céntimos (#2.834,18#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.8.- Comunicación de obra de dona M^a. Dolores López Fernández (Expediente número 2025/U026/000038)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona M^a Dolores López Fernández para cambio de portal e porta peonil de acceso.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001803100NH43F, emprazada en Ortigueira, 4 - Ribadulla (Santa Cruz), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.9.- Instancia núm. 202599900000528 de dona María Teresa Brey Gamallo e dona Laura Furelos Brey (Expediente número 2025/U022/000007)

Dáse conta da citada instancia na que as interesadas solicita licenza para obras de rehabilitación enerxética de vivenda en edificación tradicional en Raxoi, 5 - Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2025/U022/000007), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por César García Piñeiro, en calidade de arquitecto, e un presuposto de execución material de 78.353,95 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000600300NH43F.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por César García Piñeiro número de visado 2503066/2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de obra, oficio de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde e solicitude de autorización de vertedura.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así como de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U.-3, de 26,073 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

A zona de cesión para regularización do viario deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel da vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións, o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): mil cincocentos sesenta e sete euros con oito céntimos (#1.567,08#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.10.- Autorización de ocupación do dominio público (Expediente número 2025/U026/000034)

Dáse conta do expediente municipal número 2025/U026/000034 tramitado a instancias de dona María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de 1 poste de Poliéster, tipo 8FVA-250 na liña 1531002 en Fornelos - Vedra (Santa Baia), nos termos da documentación técnica achegada de data 18/06/2025 e número de proxecto 8729095. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Colexiada número 8.324, Colegio Oficial de la Arquitectura Técnica de Sevilla.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble, poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral sen dereito a indemnizacións por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.11.- Comunicación de obra de dona Beatriz Souto Traba (Expediente número 2025/U026/000012)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Beatriz Souto Traba para revestimento de fachadas con pedra, reforma de terraza, cambio de fiestras, muro de contención de 40 metros de lonxitude e altura máxima de 1,90 metros con pedra.

Dáse conta da conformidade de Augas de Galicia, expediente: DH.W15.110204.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001002000NH34B, emprazada en Paradela, 55 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección das augas (R-5), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de mil setecentos vinte e catro euros con sesenta e sete céntimos (#1.724,67#).

2.12.- Instancia núm. 202599900000621 de UFD Distribución Electricidad S. A (Expediente número 2025/U022/000009)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de novo tramo de liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e final na CPM do solicitante, sendo a canalización total da obra de 18 metros de lonxitude, código SGD: 618524120001. en Neira de Arriba - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2025/U022/000009), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico industrial COETICOR 2233 de data 03/01/2025, cun orzamento provisional de 1.484,92 euros.

Dáse conta tamén das autorizacións/informes sectoriais outorgados por:

-Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, expediente 2025000002842 .

-Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, expediente N.R.E REGAGE25e00002934825, L-AP53-0197 .



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local , á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 03/01/2025, así como ao contido das autorizacións/informes sectoriais.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no



menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

3º.- Aprobación de prezos públicos actividades municipais curso 2025/2026

3.1.- Prezo público de actividades culturais en idade escolar (Expediente 2025/X999/000075)

Dado que o Concello de Vedra, a través do departamento de cultura organiza un novo curso de actividades culturais municipais en idade escolar para o curso 2025/26 e á vista da documentación que obra no expediente 2025/X999/000075, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público das actividades culturais municipais en idade escolar curso 2025/2026 que se achega como anexo I á presente acta.

Segundo: Dar traslado da presente resolución aos servizos económicos municipais.

Terceiro: Proceder á súa publicación na páxina web do concello (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

3.2.- Prezo público actividades da terceira idade (Expediente núm. 2025/X999/000077)

Visto que o Concello de Vedra organiza un novo curso de actividades da terceira idade para o curso 2025/26, e considerando a documentación que obra no expediente 2025/X999/000077, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público das actividades da terceira idade para o curso 2025/26 que se achega como Anexo II.

Segundo: Proceder á súa publicación na páxina web do concello (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

4º.- Dar conta de Resolúcións da Presidencia.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de xuño:

DECRETO	DATA	ASUNTO
458	02/06/2025	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago)
459	02/06/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de peche de finca en Socastro- San Mamede
460	02/06/2025	Baixa na EIM, curso 2024/2025 de LPR
461	02/06/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de arranxo de muro e construción de peche de parcela en Matelo – San Xián de Sales
462	03/06/2025	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas proceso de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		selección de 1 monitor/a Programa Conxuga-Corresponsables
463	03/06/2025	Anulación factura do servizo de abastecemento de auga da vivenda nº 20 de Outeiro –Vilanova por erro na lectura de contador e emisión de nova factura polo consumo correcto.
464	03/06/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de renovación de cuberta en Paradela- San Xián de Sales
465	03/06/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de substitución do centro de transformación en Vista Alegre –Ponte Ulla
466	03/06/2025	Solicitud POS + Adicional 2/2025 (confirmación investimentos incluídos no POS + 2025 Complementario)
467	03/06/2025	Aprobación listaxe provisional persoas admitidas/excluídas no Programa Conxuga –Corresponsables (ludoteca de verán)
468	05/06/2025	Cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda nº 2 de Bazar – San Andrés de Trobe
469	05/06/2025	Anulación e baixa no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo das liquidacións do 2018 -2024 da vivenda nº 2 de Bazar por titular incorrecto.
470	05/06/2025	Autorizando a celebración de fogueira e sardiñada con motivo do día de San Xoán ás persoas ou entidades que formalicen o seu pedimento a través dos medios habilitados a tal fin, facéndolle entrega das medidas de prevención que deberán adoptar para evitar risco de incendios.
471	05/06/2025	Incoando expediente de retira da árbores que invaden a vía pública en Xián –San Pedro de Sarandón (Vedra)
472	05/06/2025	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
473	05/06/2025	Aprobación convocatoria e bases do proceso de selección do Programa Aprod Rural 2025
474	06/06/2024	Aprobación padrón fiscal da taxa de recollida de lixo do exercicio 2025
475	06/06/2025	Aprobación padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2025
476	06/06/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de pintado de fachada en Paradela- San Xián de Sales (Exp. 2025/U026/000026)
477	06/06/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.24 por importe de 82.505,07 euros
478	09/06/2025	Listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas do Programa de Conciliación Conxuga Corresponsables (ludoteca de verán).
479	09/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de maio
480	09/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente ao mes de maio
481	09/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de xuño.
482	09/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de xuño
483	09/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de maio
484	09/06/2025	Aprobación e orde de pagamento da paga extra do mes de xuño
485	10/06/2025	Aprobación liquidación de taxas expediente de rehabilitación de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		vivenda interior e exterior en Nande – San Fins de Sales
486	10/06/2025	Aprobación e orde do pagamento do anticipo en concepto de viaxe da terceira idade a Málaga –Granada do 03-07 de novembro de 2025.
487	10/06/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2025.23 por importe de 2.489,27 euros
488	10/06/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.22 por importe de 11.891,37 euros
489	11/06/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
490	11/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de excursións da terceira idade realizadas no mes de xuño
491	13/06/2025	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela (APSS) prevista no orzamento do 2025
492	16/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, ludoteca e madrugadores, por asistencia días soltos en maio.
493	16/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de ximnasio municipal correspondente ao 3º cuadrimestre da tempada 2024/2025.
494	16/06/2025	Adxudicación da obra de Ampliación do abastecemento a San Miguel de Sarandón ((POS + Adicional 2/2024)
495	16/06/2025	Baixa na EIM, curso 2024/2025 de AVT
496	16/06/2025	Baixa na EIM, curso 2024/2025 de LNG
497	17/06/2025	Contratación de oficial de 2ª albanel a proposta da Comisión Seleccionadora do proceso selectivo (contrato de substitución)
498	17/06/2025	Contratación de monitor/a para o Programa de conciliación Conxuga - Corresponsables 2025, en función da proposta da Comisión Seleccionadora
499	17/06/2025	Aprobación expediente de contrato menor de servizos de salvamento acuático e socorrismo na piscina municipal de Vedra, tempada de verán 2025, cofinanciado pola Deputación Provincial con cargo ao Programa FO023B/25) (Expediente núm. 2025/C002/000011)
500	17/06/2025	Aprobación expediente de contrato menor de servizos de recepción, limpeza e cafetería da instalación na piscina municipal de Vedra, tempada de verán 2025 (Expediente núm. 2025/C002/000012).
501	18/06/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
502	19/06/2025	Aprobación trienios persoal municipal
503	19/06/2025	Delegación especial a favor do 2º Tenente de Alcalde para a celebración de matrimonio civil o 25.06.2025
504	20/06/2025	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o Club Deportivo San Mamede prevista no orzamento do 2025
505	20/06/2025	Aprobación expediente de contratación da obra de Mellora de camiño no Burgo, Santa Eulalia de Vedra, incluído no Plan Camiña Rural (Expediente 2025/C003/000003)
506	20/06/2025	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o Club Olímpico de Vedra prevista no orzamento do 2025
507	20/06/2025	Devolución do aval a UFD Distribución Electricidad S.A depositado para responder da execución das obras a executar durante o ano 2020.
508	23/06/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		ao CEIP Ortigueira para viaxe de fin de curso e orde de pagamento segundo convenio
509	23/06/2025	Aprobación da liquidación da taxa a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, adxudicataria da obra de Ampliación de abastecemento a San Miguel (POS + adicional 2/2024), pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde (Ordenanza fiscal nº 26)
510	23/06/2025	Aprobación da liquidación da taxa a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, adxudicataria da obra de Ampliación de abastecemento a San Miguel (POS + adicional 2/2024), pola formalización do contrato (Ordenanza fiscal nº 6)
511	23/06/2025	Baixa na EIM, curso 2024/2025 de VMS
512	23/06/2025	Baixa na EIM, curso 2024/2025 de ALR
513	23/06/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
514	23/06/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
515	23/06/2025	Aprobación do fondo de acción social 1º período de 2025
516	23/06/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.25 por importe de 259.690,07 euros
517	23/06/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de xuño
518	23/06/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
519	24/06/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
520	24/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán (xuño e agosto)
521	24/06/2025	Aprobación da modificación de créditos 9/2025, modalidade de xeración de créditos, vinculada á subvención para a programación dos espectáculos correspondentes ao Programa Rede Cultural 2025 da Deputación Provincial
522	24/06/2025	Adxudicación como contrato menor da vixilancia e alugamento de caiaes na área recreativa de Agronovo, tempada verán 2025 (Expediente 2025/C002/000013)
523	24/06/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería – Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas F.2025.26 por importe de 5.300,28 euros
524	24/06/2025	Adxudicación contrato menor de salvamento acuático e socorrismo na piscina municipal de Vedra, tempada de verán 2025, cofinanciado pola Deputación Provincial con cargo ao Programa FO023B/25) (Expediente núm. 2025/C002/000011)
525	24/06/2025	Adxudicación contrato menor de servizos de recepción, limpeza e cafetería da instalación na piscina municipal de Vedra, tempada de verán 2025 (Expediente núm. 2025/C002/000012).
526	24/06/2025	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas no proceso de selección de persoal do Aprot Rural 2025
527	26/06/2025	Aprobación expediente de contratación da prestación das actividades incluídas no Programa de Compostaxe Doméstica do Concello de Vedra (anualidade 2025), cofinanciadas pola Consellería do Medio Rural e Cambio Climático ao abeiro da Orde de 17.12.2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades locais para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles (PRTR-NexGenerationEU).(Expediente núm. 2025/C002/000017)
528	26/06/2025	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



529	27/06/2025	Adxudicación dos espectáculos correspondentes ao Programa da Rede Cultural 2025 da Deputación (adxudicación directa)
530	27/06/2025	Adxudicación do contrato menor de asistencia técnica de control e mantemento da piscina municipal tempada de verán 2025 (Expediente núm. 2025/C002/000018)
531	27/06/2025	Aprobación teletraballo a traballadora municipal
532	27/06/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación –Espazo Coworking do mes de xuño.
533	27/06/2025	Aprobación das ordes de pagamento final en concepto de reserva dos aloxamentos da Viaxe da Xuventude 2025
534	30/06/25	Adxudicación como contrato menor do Proxecto Talento Interxeracional <i>Entretempos Raíces de Vedra</i> : material funxible para actividades, campaña de comunicación e exposicións do proxecto, financiado pola Dirección Xeral de Xuventude ao abeiro da Orde do 18.10.2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades de acción voluntaria e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto Talento Interxeracional (Fondos NexGeneration EU) (Expediente núm. 2025/C002/000014)
535	30/06/2025	Contratación de 2 monitores/as de tempo libre para reforzo do Programa Conxuga –Corresponsables (ludoverán 2025) da lista de reserva do proceso selectivo para a contratación de 1 monitor/a para o Programa Conxuga Corresponsables 2025.
536	30/06/2025	Adxudicación como contrato menor do Proxecto Talento Interxeracional <i>Entretempos Raíces de Vedra</i> : deseño de proxecto, formación e outros, financiado pola Dirección Xeral de Xuventude ao abeiro da Orde do 18.10.2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades de acción voluntaria e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto Talento Interxeracional (Fondos NexGeneration EU) (Expediente núm. 2025/C002/000014)
537	30/06/2025	Adxudicación como contrato menor do Proxecto Talento Interxeracional <i>Entretempos Raíces de Vedra</i> : creación, establecemento e desenvolvemento de modelos efectivos e viables (audiovisual), financiado pola Dirección Xeral de Xuventude ao abeiro da Orde do 18.10.2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades de acción voluntaria e entidades locais para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto Talento Interxeracional (Fondos NexGeneration EU) (Expediente núm. 2025/C002/000014)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Asdo. A Secretaria : Mercedes Pereiras Caldelas

Asdo. O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo



ANEXO I

PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS EN IDADE ESCOLAR CURSO 2025/26

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fixanse as contías dos prezos públicos aplicables ás seguintes actividades culturais municipais en idade escolar curso 2025/26 (de outubro de 2025 a maio de 2026 ambos incluídos):

1. Técnicas de Estudo (Grupo primaria e secundaria)
2. Escola de mecanografía (Grupo primaria e secundaria)
3. Ciencias divertidas (Grupo primaria e secundaria)
4. Iniciación en movemento (Grupo primaria e secundaria)

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Os pais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía .

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Técnicas de Estudo	18€/mes
Escola de mecanografía	18€/mes
Ciencias divertidas	18€/mes
Iniciación en movemento	18€/mes

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria na conta indicada polo/a proxenitor/a ou titor/a legal da persoa participante. Mediante a firma da solicitude de inscrición o debedor (proxenitor/a ou titor/a da persoa participante) autoriza:

- 1) Ao acredor (Concello de Vedra) a enviar instrucións á entidade bancaria do debedor para domiciliar a súa conta.
- 2) Á entidade bancaria para efectuar as domiciliacións na súa conta seguindo as instrucións do acredor.

Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 15 días de cada mes da actividade realizada.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa maior: enfermidade ou outras análogas.



Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ANEXO II

PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE CURSO 2025/26

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás actividades da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

Actividades incluídas na matrícula anual:
- ximnasia de maiores
- obradoiro de traballo corporal
- obradoiro de memoria
- canto-coral)
Bailoterapia
Ioga integral

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

As actividades están dirixidas as persoas empadroadas no Concello de Vedra e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Actividades incluídas na matrícula anual	25,00 €
Bailoterapia	20,00 €/Trimestre
Ioga integral	30,00 €/Trimestre

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria na conta indicada polo/a beneficiario. Mediante a firma da solicitude de inscrición o debedor autoriza:

- 1) Ao acredor (Concello de Vedra) a enviar instrucións á entidade bancaria do debedor para domiciliar a súa conta.
- 2) Á entidade bancaria para efectuar as domiciliacións na súa conta seguindo as instrucións do acredor.

Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 15 días do período da actividade realizada.

Artigo 5. Devolución de ingresos

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as actividades.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.